

**LITERATURA UNIVERSAL**

1. A lírica latina antiga: características, xéneros, autores e obras principais.[3 puntos]
2. Fale sobre a obra da época da Ilustración ou do Romanticismo que vostede leu. [3 puntos]

Pode seguir este esquema:

- Temas (non resumo).
- Personaxes principais.
- Punto de vista, espazo e tempo.
- Estilo (inclúa, cando os lembre, exemplos do texto).

3. Dea a súa opinión persoal e razoada sobre a obra do século XX que elixise como lectura.[3 puntos]
4. Constrúa dez oración facendo cadra-los datos que lle damos neste cadro[1 punto]:

Autor	País de nacemento	Obra	Xénero, tema, personaxes
Tolkien	Irlanda	<i>Robinson Crusoe</i>	Poemas de amor dedicados a Laura
Samuel Beckett	Inglaterra	<i>Huckleberry Finn</i>	Traduciuna Frei Luís de León ó castelán.
Petrarca	Estados Unidos	<i>Gargantúa e Pantagruel</i>	Colección de contos tradicionais
Anónimo	Florenzia (Italia)	<i>As mil e unha noites</i>	Un neno que vive durante a Segunda Guerra Mundial.
GünterGrass	Francia	<i>O señor dos aneis</i>	Teatro do absurdo
La Fontaine	Inglaterra	<i>Cantar dos cantares</i>	O seu criado era Venres
Rabelais	Xudea	<i>Fábulas</i>	Poemas sobre animais
MarkTwain	Arabia	<i>Cancioneiro</i>	Un neno, un negro, o río Mississippi
Daniel Defoe	Alemaña	<i>Agardando a Godot</i>	Literatura fantástica do séc. XX
Salomón	Francia	<i>O tambor de folla de lata</i>	Familia de xigantes